# Festivais da Canción Misioneira.

*Un ano máis chegan os Festivais. O domingo, 30 de abril é o Festival Infantil, e o luns 1 de maio é o Xuvenil. Para falarnos deles puxémonos en contacto cun home que os coñece ben:* ***Benito Fernández Ferreiro*** *que é o cura de Crespos, un "habitual" neste escenario. Máis de trinta anos leva participando. Case sempre o vemos cunha guitarra, de costas e atendendo a mil cousas... porque os que dan a cara son os nenos das súas parroquias que o miran fixamente esperando as súas indicacións.*

*-¿Desde cando sentíche-la afición da música?*

Desde pequeno. O momento que máis recordo é ós seis ou sete anos cando un tío nos trouxo, para meu curmán e para min, unha harmónica, marca "O Fado" da Romaría da Peneda. Con ela pasabamos o tempo cando nos mandaban coas vacas para o monte.

*- ¿Por que e para que un grupo de música?*

"Do que reborda o corazón fala a boca". Cando cheguei ás parroquias, ós poucos días, pregunteille ós cinco ou seis rapaces e rapazas que vivían preto de onde eu vivía se querían aprender a tocar algún instrumento e a cantar... e así sen máis empezamos. E fíxeno porque estou convencido de que **a música axuda a desenvolver capacidades pero sobre todo fai xermolar actitudes e valores** que son fundamentais para a vida: a música é esforzo, moitas horas de ensaio, é harmonía, é encontro, é unión, camiñar xuntos ó mesmo compás, estar pendente dos outros, é colaboración, é importante a aportación de todos e cada un, a música é beleza...

*- ¿Que papel ten a música na túa labor pastoral nas parroquias?*

Non hai parroquia se non hai comunidade. E a música é ocasión para que os rapaces se xunten, se coñezan e o pasen ben. É tamén instrumento para transmiti-la mensaxe e os valores do evanxeo. As nosas cancións son sempre cancións con mensaxe: amizade, amor, paz, esperanza... Ademáis **axudan a convocar á comunidade**. Onde cante o rapaz, alí estará a familia enteira...




"Os festivais teñen sido fonte de enriquecemento tanto a nivel humano coma de fe"

*- E nos Festivais da Canción Misioneira ¿cantos anos levades participando?*

Participamos por primeira vez o ano 1986 e alí naceu como tal o grupo "XERMOLARA". Nos dez últimos anos tamén en 8 ocasións participamos nos encontros a nivel nacional. E entretanto estivemos noutros certames como "CANTARELIÑA"...

*- ¿Como valorarías esa participación nos Festivais?*

Sen dúbida ten sido unha **fonte de enriquecemento tanto a nivel humano coma de fe.**

Como grupo a nosa historia e experiencia vai unida á historia dos Festivais. Eles foron sempre para nós un punto de referencia como penso que o ten sido para moitos grupos parecidos. A participación nos encontros nacionais foi ocasión para percorrer España de norte a sur, de Santander a Almería, pero sobre todo foi ocasión de compartir experiencias e celebracións con xentes de tódolos lugares.

*- ¿Que e quen fixo posible a pervivencia do grupo durante tantos anos?*

Primeiro unha boa dose de paciencia e ilusión, porque crees que o que fas paga a pena e por eso séntete de sobra recompensado. **Importante tamén ten sido o apoio e colaboración incondicional de moitas mestras** ilusionadas e animadas en todo o que sexa bo para os rapaces. Ata hai catro anos o colexio foi o noso lugar de encontro e ensaios. E por último compre dicir que **teñen un papel importantísimo os pais**, e máis agora que algúns deles foron dos que empezaron participando nos Festivais.

*- ¿Dificultades?*

Cada día é máis difícil motiva-los rapaces. Ademais nós temos outra dificultade engadida: a dispersión porque os rapaces de XERMOLARA pertencen a oito parroquias nun radio de quince quilómetros. Non é fácil xuntalos coa frecuencia requirida. Gracias á colaboración do Concello e o empeño dos pais, non faltan medios. O que non sabemos é onde se poden merca-las ganas.





# Una obra ambiciosa: CIRCA.

***Darío Gallego** es un jesuita, natural de la ciudad de Ourense, donde nació hace setenta y ocho años. Nadie se los echaría. Ligero como es de carnes se mueve constantemente. Además de sacerdote es médico estomatólogo. Está lleno de proyectos, ilusionado como un niño, planificando siempre, busca sin descanso algo que pueda serle útil en su misión entre los pobres.*

*Lleva en Ourense casi seis meses. Un día se desvaneció al salir de misa y el médico que lo examinó detectó un problema severo de corazón y le dijo: "Váyase a su tierra, Padre, porque aquí no tenemos medios para tratarlo como se debe". Y se vino porque aquí vive su hermana además de varios primos que visita cada cuatro años. Se operó con éxito y ahora está recuperándose con vistas a volverse a Arequipa, Perú, donde trabaja desde hace veinte años. Con él hablamos de su vida y de su compromiso.*

*-¿Qué destinos ha tenido en su vida pastoral?*

Cuando me ordené estuve doce años en una parroquia en Gijón. Allí trabajé además en un Dispensario y dando clases, pero eso ya queda muy atrás.

*-¿De ahí a dónde se fue?*

A Perú. Desde el año setenta y ocho estoy allá. Al principio estuve siete años en la Selva como párroco misionero. **Además de la labor pastoral, me tocó construir comedores para niños, bibliotecas, aulas** e incluso casas para que vivieran los sacerdotes. Allí en la selva teníamos dos colegios, uno de ellos en Santiago de Nieva, fundado por Salinas Loyola, sobrino de San Ignacio de Loyola, y el otro en Río Frío que en quechua se dice *Chiri Yaco*. De esa época recuerdo ante todo la urgencia que tenían los nativos por ver todo resuelto al momento. Recuerdo una vez que un hombre llegó con una pierna destrozada y pretendía curarse y salir caminando al momento. O aquel otro viejito que llegó al Dispensario rodeado de un séquito de esposas y que ni siquiera sabía su edad que calculamos preguntando por los terremotos que él recordaba.



*Gemelas atendidas en un orfanato de CIRCA*

*-Y luego a Arequipa.*

Sí, y allí sigo. En Arequipa estaba un jesuita muy emprendedor, el P. Pozzo, italiano, que viendo las grandes dificultades que tenía la gente pobre que llegaba a la ciudad desde la Sierra, inició en el año 1958 CIRCA, Círculos Sociales Católicos, una asociación de jóvenes trabajadores católicos que consecuentes con su fe se comprometen en un amplio trabajo de educación y promoción social y cultural. CIRCA es una obra ambiciosa porque incluye escuelas, colegios, centros de huérfanos, comedores, un dispensario, un centro médico, escuelas de formación profesional, centros de formación cristiana, capillas... CIRCA es un sinónimo de bienestar y protección al prójimo, sin esperar recompensa. En este momento **CIRCA atiende a 16.000 niños repartidos en 41 escuelas y colegios** enclavados en las zonas marginales de la ciudad.

> "Podemos hacer mucho más de lo que hacemos. Necesitamos abrir los ojos y ver el sufrimiento de la gente. No encerrarnos en nuestro pequeño mundo"

*-¿Cómo se sostiene CIRCA?*

Gracias fundamentalmente a la ayuda de belgas y alemanes, aunque ahora está patrocinada por la Archidiócesis. El Arzobispo tuvo mucho interés en que los sacerdotes jóvenes tuviesen en CIRCA una auténtica escuela de acercamiento al pueblo. Y es que **la clave está en acercarse al pueblo**. No vale esperar a que vengan porque no vendrán. Estar con ellos, caminar a su paso... Es la forma de poder presentarles el Evangelio.

*-¿Cómo es un día normal de P. Darío?*

Me levanto temprano, antes de las seis. Luego dedico todo el día a acompañar espiritualmente a toda la familia de CIRCA. Voy de un lugar a otro en un viejito volkswagen. Paso el tiempo entre misas, confesiones y charlas de formación bíblica, espiritual y humana. **No paro nada en todo el día** multiplicando las actividades. Apenas me queda un tiempito que dedico a trabajar en el huerto que me sirve para criar *paltas*, una fruta que aporta muchas vitaminas.

*-¿Qué nos diría a los cristianos de Ourense?*

Que donde yo vivo la lucha es por la supervivencia. Para alimentar a 360 huérfanos que tenemos, salimos a recoger papel, cartón y vidrio, dos días al mes gracias a que contamos con la ayuda de unos camiones. Cuando veo lo que aquí se tira a la basura me digo ¡Quién me lo diese allá! Alimentaría muchas bocas. Podemos hacer mucho más de lo que hacemos. **Necesitamos abrir los ojos y ver el sufrimiento de la gente.** No encerrarnos en nuestro pequeño mundo. El sufrimiento de tantos seres humanos en América, en Asia, en África es un clamor que nos invita a ponernos en movimiento.